



MODELO SILVÍCOLA	PN1
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>P. nigra</i> subsp. <i>salzmannii</i> var. <i>corsicana</i> , aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira de serra e chapa. 250 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais, pero especialmente nos distritos de montaña: VII e VIII (Lugo), XIII, XIV e XV (Ourense) e nunha cota de 800-1200 m de altitude.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	3 a 3,5 m (entre liñas). Densidades entre 1.100 e 1.600 pés/ha, segundo pendente e obxectivo da reforestación. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Entre os 2-10 anos (debido a que a copa é moi clara e non controla ben a competencia do mato), mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira se fora necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha. Opcional utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte lexislación.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	A pesares da boa poda natural é recomendable unha poda baixa (2,5-3 m) cando a altura é de 6-7 m e diámetro normal medio de 10 cm sobre a totalidade dos pés presentes. Nas árbores de porvir farase poda alta ata 5,5-6 m, sobre 300-400 pés/ha de máis de 12 m de altura, ao fin de garantir que se hai danos cheguen á corta final 250 pés/ha. Intensidades de poda até un 1/2 da altura total da árbore.
Desmestas	Só no caso de ser necesario, aos 10-15 anos co fin de deixar uns 900-1.200 pés/ha. Polo baixo (sobre árbores dominadas e con defectos). Obteríase madeira para facer achas. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	Rareas polo baixo e selectivas de árbores de porvir (elíxense entre os pés dominantes e codominantes máis vigorosos e con mellores calidades de fuste ) 300-400 pés/ha. Peso das rareas moderado a forte (25-30% de área basimétrica), co obxectivo de rendibilizar as intervencións. Moderar o peso en rareas tardías con altura media dos pés > 15-20 m (15-20%), co fin de evitar danos por vento polo elevado índice de esveltez da masa. Primeira rarea realizarase aos 20-30 anos e acompañarase da poda alta. Entre a primeira rarea (20-30 anos) e os 55 anos aplicaranse, en función da calidade de estación, desenvolvemento dos pés e riscos





	de derruba, de 3 a 4 rareas separadas 5-10 anos entre si. Cando menos deixar entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración (dependendo da calidade de estación).
--	---

<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	60-80 anos (dependendo da calidade de estación). Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	Corta a feito, ou a feito en dous tempos (con árbores pai, seleccionados previamente pola súa estabilidade), 25-50 pés por ha durante 5-10 anos. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente.

